



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS PARA O OUTORGAMENTO DO PERMEX DE ALGAS PARA EMBARCACIÓN NA MODALIDADE DE MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE AO ABEIRO DO PLAN DE EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS APROBADO PARA O TRIENIO 2025 - 2027

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 20 de febreiro de 2025 convocouse o proceso selectivo e abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de algas para unha (1) embarcación, con dúas (2) cotas, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de algas mediante mergullo con subministro de aire dende superficie da Confraría de Cambados.
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, constátase que se presentaron dúas (2) solicitudes ao proceso selectivo.
3. Con data 7 de marzo de 2025, o armador, dunha das solicitudes presentadas achega escrito de renuncia ao proceso selectivo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizárase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.
4. O Departamento Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembre de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.



5. A Sección 3ª do Capítulo V da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula a desistencia e a renuncia como formas normais de terminación do procedemento administrativo.

Por outra parte, o artigo 94.3 da Lei dispón que a desistencia poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia. O mesmo artigo establece que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento agás que, despois de comparecer neste terceiras persoas interesadas, instasen estes a súa continuación. O propietario da embarcación a TOXA DOS presentou a súa conformidade coa renuncia do armador ao procedemento. En consecuencia, procede aceptar a desistencia do solicitante e proceder ao arquivo das actuacións.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar a relación das embarcacións admitidas, coa puntuación provisional, para a obtención do permex de algas mediante mergullo con subministro de aire dende superficie, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Cambados (ANEXO I).

2. Aceptar a renuncia do armador da embarcación **A TOXA DOS (VI-1-1-02)**, declaralo desistido do proceso selectivo e archivar as actuacións do seu expediente.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, o armador da embarcación A Toxa Dos (VI-1-02), poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación da mesma, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE Núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría.

Contra o disposto nesta resolución **poderase presentar alegacións no prazo de 15 días** a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención da modalidade de **algas** ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, mediante mergullo con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Cambados.

SOLICITUDES ADMITIDAS:

(puntuadas e ordenadas alfabeticamente polo nome da embarcación)

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1.EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2.HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLUÍDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4.NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN DA PERSOA ARMADORA	6. PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
MARIÑA	VI-5-9940	0,00	2,50	3,00	2,00	0,00	0,00	7,50

